

PROXECTO **UNHA ALDEA GLOBAL, EN**
PERSPECTIVA DE XÉNERO



VII CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

CURSO 2020-2021

Modalidade 2: Traballos de grupos internivelares/departamentais



DATOS DO CENTRO: IES Ramón María Aller Ulloa (Lalín)

Rúa do Parque, 8. 36500. Lalín. Tfno: 986 78 01 14. Fax: 986 78 36 43

WEB do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/>

WEB do proxecto: <https://grupokela.wixsite.com/inicio/proxecto-unha-aldea-global>

ÍNDICE:

1. **INTRODUCCIÓN**.....p.1
2. **OBXECTO** OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTO.....p. 7
3. BREVE **DESCRIBIÓN** DO PROXECTO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....p. 7
4. **DOCUMENTACIÓN** ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.....p. 11
5. REALIZACIÓN DAS **TAREFAS** MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO.....p. 11
6. **RECURSOS** UTILIZADOS E FONTES DE INFORMACIÓN.....p. 13
7. IMPLICACIÓN DA **COMUNIDADE EDUCATIVA**.....p. 13
8. **DIFUSIÓN** DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA..p. 14
9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA **BIBLIOTECA ESCOLAR**.....p. 15

ANEXOS.....P. 16

1. INTRODUCCIÓN: PROXECTO *UNHA ALDEA GLOBAL, EN PERSPECTIVA DE XÉNERO.*



NECESIDADE EDUCATIVA DETECTADA

O proxecto “Unha aldea global, en perspectiva de xénero” nace coa idea de crear e enfocar as prácticas docentes en actividades de innovación desde a metodoloxía da aprendizaxe baseada en proxectos, incorporando, cun grupo de profesores, ideas en común desde os alicerces do traballo cooperativo, co apoio da biblioteca do centro. Os eixos de traballo fundamentais son:

- a. Visibilizar minorías relacionadas co colectivo transexual e, en xeral, LGTBI.
- b. Traballar coas dicotomías tradicionais, e de carácter netamente disfuncional, baseadas na oposición masculino-feminino, para romper as barreiras conceptuais que ocultan a diversidade sexual e afectiva da sociedade española (e, en xeral, mundial) do século XXI, a partir de manifestacións textuais literarias e ensaísticas.
- c. Promover a efectiva igualdade entre homes e mulleres.
- d. Visibilizar as continuas barreiras que as mulleres teñen que afrontar na nosa sociedade.
- e. Recuperar as voces silenciadas de mulleres esenciais para entender a sociedade galega do século XXI.
- f. Cuestionar os estereotipos que restrinxen o acceso das mulleres a diversos ámbitos laborais e de poder, e poñer sobre a mesa os problemas engadidos que afrontan outros colectivos, caso dos que padecen algún tipo de discapacidade (motora, psicomotriz, intelectual...).

O proxecto foi impulsado polo grupo interdisciplinario e interdepartamental *Kale/Kela*, un grupo que xa ten unha longa traxectoria en elaboración e difusión de proxectos educativos. Este grupo nace no corazón de Galicia, no centro público IES Ramón María Aller Ulloa situado en Lalín, unha vila duns

20.000 habitantes coñecida como quilómetro cero pola súa situación xeográfica na comunidade galega e cun marco musical histórico importante: bandas de música, escola de danza, grupos folclóricos, Conservatorio de música...O noso percorrido estréase no curso académico 2011-2012 co título “Ao son das ciencias e das letras”, e integrado polos seguintes departamentos didácticos: Física e Química, Lingua e Literatura Castelá, Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Inglesa e Música. No ano 2013-2014 intégrase tamén o departamento de Xeografía e Historia, ao que seguirán os de Matemáticas e Filosofía. Tamén hai que destacar a colaboración da intérprete titulada de signos para xordos Rosa Louro Pico. O presente proxecto traballa os seguintes contidos, criterios e competencias, presentes como aplicación de elementos transversais en diferentes materias (Lingua castelá, Lingua galega, Lingua inglesa, Xeografía e historia, Filosofía..., e a de libre configuración ofertada polo centro para 2º ESO *Igualdade de xénero*):

CONTIDOS: A socialización de xénero: A construción da identidade masculina e feminina. Interiorización dos roles de xénero. - Os estereotipos sexistas: O papel dos axentes de socialización. Identificación e análise de estereotipos sexistas. - As desigualdades na comunicación: O sexismo na linguaxe. - A visibilidade das mulleres: A participación das mulleres en diferentes ámbitos da cultura, a historia, a ciencia, a arte, o deporte, etc., e o recoñecemento dos seus logros.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Recoñecer as diferentes tendencias na elección das actividades de lecer por parte de mulleres e homes, tanto en termos xerais como en ámbitos máis concretos de actividade (xogos,

deportes, lecturas, asistencia a espectáculos e outras actividades de lecer), identificando aquelas en que se produza unha maior disparidade. - Analizar as causas que motivan a diferenza de elección entre de mulleres e homes, xa desde a nenez e a adolescencia, naqueles ámbitos de lecer en que esta sexa máis rechamante, valorar as consecuencias que se derivan desa análise e propoñer accións que poidan eliminar ou atenuar dita diferenza. - Valorar como un principio básico de conduta individual e colectiva a igualdade entre homes e mulleres na toma de decisións e o rexeitamento a prexuízos e estereotipos sexistas que xustifican a desigualdade na tradición recibida.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: Observa as diferenzas entre homes e mulleres en canto a toma de decisións, necesidades, participación, acceso aos recursos, etc., como consecuencia dos roles de xénero asignados tradicionalmente. • Analiza a realidade social de mulleres e homes con perspectiva de xénero. • Valora a importancia de que todas as persoas da sociedade teñan, realmente, as mesmas oportunidades e rexeita as discriminacións por razón de sexo.

E, en definitiva, traballáronse as seguintes **competencias clave**:

- a. Competencia en comunicación lingüística, básica para a recompilación de información, a súa síntese e exposición.
- b. Competencia en conciencia e expresións culturais: Adquírese, fundamentalmente, cando se achega ao alumnado a distintos contextos culturais para que coñezan e debotan estereotipos de xénero.
- c. Competencia en aprender a aprender, básica no desenvolvemento da metodoloxía da aprendizaxe baseada en proxectos e de carácter cooperativo.

d. Tratamento da información e competencia dixital: a procura de información ten un papel relevante, así como a súa selección e procesado. e. Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor: no uso das habilidades comunicativas e de investigación en distintos contextos. f. Competencias sociais e cívicas: fomentouse poñer en práctica habilidades sociais como a convivencia, o respecto, a tolerancia, etc., froito das súas relacións con outras persoas e do traballo con materiais diversos que non necesariamente deben ter visións do mundo iguais á súa.

O proxecto traballouse con alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º ESO e 1º Bacharelato, coa correspondente adaptación dos contidos aos niveis curriculares.

Para iso, participaron os seguintes departamentos coas súas materias: lingua castelá, lingua galega, lingua inglesa, matemáticas, xeografía e historia, educación plástica e música.

O método de traballo, que debullaremos aos poucos nos seguintes puntos, foi aplicado polos seguintes **profesores**:

1. María Eugenia Nogueira Rodríguez, xefa do departamento de normalización lingüística.
2. María del Carmen Frade Gómez, profesora de Lingua galega.
3. Javier López Quintáns, xefe de departamento de lingua castelá e **coordinador** do proxecto.
4. Javier Cudeiro, xefe de departamento de Matemáticas.
5. Jorge Cepeda Regueiro, xefe do departamento de Xeografía e historia.
6. Eva Álvarez Álvarez, profesora de Xeografía e historia.

7. Manuel Conde Pereira, xefe do departamento de Inglés.
8. Raquel Honrubia Pérez, profesora de Bioloxía.
9. Antonio Javier Lozano Formoso, profesor de Informática.
10. María Andrea Moar Ares, profesora de inglés.
11. Marta Otero Otero, profesora de Xeografía e historia.
12. Alba Payo Froiz, profesora de Xeografía e historia.
13. Rosa Louro Pico, intérprete de Lingua de signos para xordos.

PUNTO DE PARTIDA:

O proxecto dividiuse en dúas fases. Nas actividades implicamos unha totalidade de 200 alumnos mantendo en todas o obxectivo principal: traballo de contidos de perspectiva de xénero co estudo das sociedades actuais desde a igualdade de xénero, integración de alumnado con necesidades educativas especiais, plasmación da diversidade cultural e integración das minorías con discapacidade. Manexáronse, por unha banda, as linguas castelá, galego e inglés, e a linguaxe científica, desde a metodoloxía da aprendizaxe baseada en proxectos.

ANTECEDENTES:

O grupo ten unha ampla tradición no desenvolvemento de proxectos interdisciplinarios (véxase unha selección de materiais en www.grupokela.wix.com/inicio):

- a. Proxecto **RENACIMIENTO**: curso 2012-2013.
- b. Proxecto **SOMOS DIVERSOS**: curso 2013-2014.

- c. Proxecto **UN MUNDO NOVO**: curso 2013-2014.
- d. Proxecto **MUSEO VIRTUAL DO BARROCO** (1º PREMIO do IV Premio de Innovación Escola Viva): curso 2014-2015
- e. Proxecto **ARSTERAPIA**: curso 2015-2016. 3º PREMIO do I Premio de Innovación en Aprendizaxe Cooperativo e Convivencia “Vitamina Educativa”, convocado polo grupo de Innovación e investigación IMECA (“Inclusión e Mellora Educativa: Convivencia e Aprendizaxe Cooperativo”, da Universidade de Alcalá).
- f. Revista de creación literaria e Arte *Kareal* (Premio Mención especial do público dos Premios *Lobo* da Asociación nacional de prensa xuvenil).
- g. Proxecto **Imagoteca**: Primeiro premio na 11º edición dos premios EDUCACOMPOSTELA de recursos educativos en prol da innovación, a calidade e a renovación pedagóxica .
- h. Proxecto **Cidade verde**. Mención de honra nos premios autonómicos de innovación UXT/Escola viva 2020.

ORGANIZACIÓN

A FASE A, ou de planificación e desenvolvemento do noso proxecto, revisa o concepto de parella pedagóxica, proxectándoo sobre as tarefas de traballo do noso alumnado. Parte este suposto da evidencia dun alumnado diverso, por unha casuística dispar: discentes en risco de abandono escolar, alumnos ACIs, alumnos con dificultades de integración, etc. Así pois, o principio de parella pedagóxica busca a atención a alumnado con necesidades educativas especiais, promocionando actividades nas que o desenvolvemento cognitivo canalice a través das percepcións sensoriais

Aquí iníciase tamén a FASE B, ou de implementación e implicación coa sociedade. Para iso, o grupo promoveu a aplicación da proposta en asociacións que traballan con persoas con discapacidade. En concreto, coa asociación *Aspadisi* e *Aspadeza*, e outros centros escolares da comarca, como o Xesús Golmar, dos que falaremos en breve.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTO.

O obxectivo fundamental deste proxecto baséase no desenvolvemento do concepto **ALDEA GLOBAL**: isto é, una sociedade intercomunicada, plural, pero desde unha perspectiva de xénero, é dicir, fomentando a efectiva igualdade entre homes e mulleres e a integración de minorías.

Así mesmo, desenvólvese un proxecto plurilingüe en castelán, galego e inglés, e apoiámosnos nas TICs para a súa implementación. Os


resultados do proxecto atópanse na páxina web:

<https://grupokela.wixsite.com/inicio/proxecto-unha-aldea-global>


3. BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

Desde os contidos xa presentados o profesorado promoveu distintos obradoiros, cuxos resultados se canalizaron a través de:


- Unha canle de Youtube (*Parábola*) con representacións de teatro de sombras sobre figuras femininas senlleiras na historia da humanidade:




-Unha Galería de arte de mulleres na historia, exposta igualmente no centro:



-Un obradoiro de carteis en inglés, sobre igualdade e identidade de xénero:



-Un obradoiro sobre arte, igualdade e sufraxismo:




Como se dixo, o material está dispoñible na páxina web deste proxecto:

<https://grupokela.wixsite.com/inicio/proxecto-unha-aldea-global>


-Un obradoiro de xogos lóxico-matemáticos (https://www.youtube.com/watch?v=el5zPji_M5M&feature=emb_logo).

-Un obradoiro sobre carteis, igualdade e sufraxismo:



-Material audiovisual sobre diversidade cultural e xenómica (https://www.youtube.com/watch?v=nsqhwn2PCL8&feature=emb_logo).

-Unha mostra final interactiva para toda a comunidade educativa, no vestíbulo do centro (https://www.youtube.com/watch?v=Ci2QoUu2ZPc&feature=emb_logo). Igualmente, creáronse tablillas en braille



para a explicación parcial dos contidos para persoas con discapacidade visual:

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Elaboraróñse as guías de traballo do proxecto, para cada un dos obradoiros propostos (véxase punto 4), e coas pautas de traballo do material de base (véxase anexo).

5. REALIZACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO.

Nos seguintes cadros secuenciamos as principais tarefas realizadas polo alumnado:

Preparación e montaxe da Canle de Youtube PARABOLA.			
PERIODO	CURSO/NIVEL	NÚMERO DE PARTICIPANTES	MATERIAL XERADO
Setembro de 2020-xaneiro de 2021	1º/2º ESO	60	Curtametraxes en teatro de sombras, sobre mulleres senlleiras.

Preparación e montaxe da GALERÍA DE ARTE.			
PERIODO	CURSO/NIVEL	NÚMERO DE PARTICIPANTES	MATERIAL XERADO

Setembro de 2020-xaneiro de 2021.	1º-2º ESO	70	Ilustracións de mulleres senlleiras, con información biobliográfica.
--	-----------	----	--

ELABORACIÓN DE VIDEOTITORIAIS SOBRE IGUALDADE E DIVERSIDADE SEXUAL .

PERIODO	CURSO/NIVEL	NÚMERO DE PARTICIPANTES	MATERIAL XERADO
Setembro de 2020-xaneiro de 2021.	3º-4º ESO-1ºBACH.	80	Videotitoriais sobre igualdade e identidade de xénero.

ELABORACIÓN DE CARTELERÍA E CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN SOBRE IGUALDADE E XÉNERO. Novembro de 2020-marzo de 2021.

PERIODO	CURSO/NIVEL	NÚMERO DE PARTICIPANTES	MATERIAL XERADO
Setembro de 2020-xaneiro de 2021.	4ºESO-1ºBACH.	20	Carteis de concienciación e divulgación sobre diversidade afectiva.

OBRADOIRO DE XOGOS LÓXICO-MATEMÁTICOS. Novembro de 2020-marzo de 2021.

Setembro de 2020-xaneiro	CURSO/NIVEL	NÚMERO DE PARTICIPANTES	MATERIAL XERADO

de 2021.			
Setembro de 2020-xaneiro de 2021.	1º ESO	60	VIDEOTITORIAIS SOBRE XOGOS, COA TEMÁTICA DA IGUALDADE DE BASE.

OBRADOIRO DE DOCUMENTACIÓN SOBRE A HISTORIA DO SUFRAXISMO. Xaneiro-marzo de 2021.			
PERIODO	CURSO/NIVEL	NÚMERO DE PARTICIPANTES	MATERIAL XERADO.
Setembro de 2020-xaneiro de 2021.	1ºBACH- 2ºBACH.	30	Curtas documentais sobre a historia do sufraxismo. Material divulgativo.

6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES DE INFORMACIÓN.

Os recursos e as fontes de información foron tomados da biblioteca do centro escolar, ademais de recursos en rede para a elaboración dos obradoiros, sobre estereotipos de identidades de xénero. Inclúese en anexos unha selección das fontes manexadas.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Ademais do profesorado implicado, o proxecto tivo unha exposición interactiva final, aberta a todos os membros da comunidade educativa.

No seguinte enlace pode visualizarse un breve vídeo sobre a exposición:

<https://www.youtube.com/watch?v=CI2QoUu2ZPc&t=1s>

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

O grupo de traballo incentiva a aplicación do proxecto entre outros sectores da sociedade:

a. Divulgación entre alumnado de educación infantil, coa participación do CEIP Manuel Rivero de Lalín, e o CEIP Xoaquín Loriga de Prado.

b. Divulgación entre outros colectivos sociais: colaboración coa Asociación de discapacitados intelectuais *Aspadeza*, de Lalín, coa fin do promover a implementación do proxecto noutros organismos que traballen con persoas con discapacidade.

lc. Divulgación nos medios de comunicación (*La voz de Galicia, Faro de Vigo...*) e na revista do grupo (*KaReal*).

9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA **BIBLIOTECA ESCOLAR**.

A biblioteca escolar serviu de fonte de información para os procesos de elaboración dos obradoiros nesta memoria citados.

ANEXOS

PRINCIPAIS FONTES DE INFORMACIÓN DO PROXECTO

García Marín, J. (2018). *Novas masculinidades: o feminismo a (de)construir o homem*. Santiago de Compostela: Através editora.

García Marín, J. y Gómez Vázquez, M^a B. (Eds.) (2013). Diálogos en la cultura de la paridad. Reflexiones sobre feminismo, socialización y poder. Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Gómez Vázquez, M^a B. y Mosteiro García, M^a J. (Eds.)(2017). Identidades de género, trabajo, conocimiento y educación: desafíos y retos en el contexto transnacional. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

MATERIAL AUDIOVISUAL:

-Programa *IGUAL-ES*: <https://www.rtve.es/alcarta/videos/igual-es/igual-ellasse-arriesgan/1043314/>

-Cortometraje *El orden de las cosas*.

-¿Qué significa hacer algo como niña?: <https://www.youtube.com/watch?v=s82iF2ew-yk>

-Los géneros en la publicidad: https://www.youtube.com/watch?v=QOokC_Vo3eA